

B A N D O

FOGUEIRAS DE SAN XOAN E SAN PEDRO

**MARTA GIRÁLDEZ BARRAL, ALCALDESA-PRESIDENTA DO
CONCELLO DE MEIS**

FAGO SABER:

Que aquelas persoas, asociacións, organizacións ou comunidades interesadas en realizar as tradicionais fogueiras de **San Xoán** (noite do **23 ó 24 de xuño**) e **San Pedro** (noite do **28 ó 29 de xuño**), teñen de prazo ata o **día 17 de xuño**, para presentar en unha comunicación previa (cacharela privada) ou solicitude de autorización municipal (cacharela na vía pública) no rexistro municipal, segundo os modelos que se facilitarán no Concello, **para o que necesariamente deberán pedir cita previa** (WhatsApp: 615522463) (Telf.: 986712001), ou descargalos da páxina web do Concello: <https://www.meis.gal>

Deberán terse en conta as seguintes normas:

- A fogueira non poderá iniciarse antes das **00:00h.** da noite de San Xoan ou San Pedro.
- A montaxe das fogueiras deberá realizarse en lugares despexados.
- A fogueira non superará unha altura superior de 2 metros e un diámetro de 3 metros (no caso das realizadas en terreos particulares), e unha altura de 3 metros e un diámetro de 4 metros (no caso das realizadas na vía pública).
- Só se queimará material combustible sólido, quedando expresamente prohibida a queima de neumáticos, gomaespumas, plásticos, aerosoles de calquera clase, ou calquera outro tipo de resíduo inflamable.
- As persoas organizadoras ou responsables das fogueiras, deberán ser maiores de idade, sendo responsables da súa total e correcta extinción, cuidando de que, ao remate da mesma, as cinzas queden totalmente apagadas.
- Con exceso de vento queda prohibido prender fogueiras.
- No suposto de que o **índice de risco diario de incendio forestal** (IRDI) sexa moi alto ou extremo o día da celebración, quedará totalmente prohibida a realización das fogueiras previamente comunicadas ou autorizadas.

Esta Alcaldía fai umha chamada á veciñanza para o cumprimento destas normas.

O que fago público para xeral coñecemento e cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE.

